MATEMÁTICAS	BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	b, g, i	B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.4. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	-Explicar como se debe usar unha calculadora. -Resolver operacións usando a calculadora.	3
MATEMÁTICAS	BLOQUE 2: NÚMEROS	e, g	B2.1. Números naturais ata o 10.000. B2.2. Nome e grafía dos números ata o 10.000. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar. B2.4. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras. B2.5. Identificación do número anterior e o seguinte a un dado.	-Ler e escribir números de cinco cifras. -Representar números no ábaco. -Observar un número e dicir cantas unidades representa. -Escribir o anterior e o posterior.	14

MATEMÁTICAS	BLOQUE 2: NÚMEROS	b, e, g	B2.6. Orde numérica. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar. B2.7. Redondeo de números naturais, ás decenas, centenas e millares.	-Aproximar a decena, centena ou unidade de millar máis cercana. -Seguir series numéricas. -Escribir a equivalencia entre unidades, decenas, centenas e unidades de millar.	11
MATEMÁTICAS	BLOQUE 2: NÚMEROS	b, g	B2.8. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra. B2.9. Automatización de algoritmos. B2.10. A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa. B2.11. Construción e memorización das táboas de multiplicar. B2.12. Identificación e uso dos termos propios da multiplicación: factores e produto. B2.13. Identificación e uso dos termo propios da división: dividendo, divisor, cociente e resto. B2.14. Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar. B2.15. Proba da división relacionando dividendo, divisor, cociente e resto en casos sinxelos. B2.16. Utilización da calculadora. B2.17. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.	-Facer as catro operacións básicas con números enteiros de ata cinco cifras. -Memorizar as táboas de multiplicar. -Escribir os termos da multiplicación e da división. -Realizar a proba da división. -Utilizar a calculadora para comprobar o resultado de operacións que fixeron con anterioridade. -Sumar e restar mentalmente números enteiros. -Sumar e restar mentalmente decenas e centenas.	23
MATEMÁTICAS	BLOQUE 2: NÚMEROS	b, g	B2.18. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá.	-Resolver problemas. -Facer a proba para comprobar que o resultado está ben.	9
MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	b, g	B3.1. Expresión e forma simple dunha medición de lonxitude, capacidade, masa ou peso. B3.2. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.3. Realización de medicións.	-Medir obxectos e expresar a medida utilizando a unidade correspondente.	3
MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	g	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa ou peso.	-Ordenar obxectos de maior a menor ou de menor a maior segundo a súa magnitude. -Sumar e restar magnitudes.	5
MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	b, e, g	B3.6. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.	-Explicar os pasos que se siguen para medir obxectos utilizando diferentes magnitudes.	3
MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	g	B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación. B3.8. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais. B3.9. Cálculos con medidas temporais.	-Ler reloxos analóxicos e dixitais. -Representar horas en reloxos analóxicos e dixitais. -Cofecer a equivalencia de horas e minutos. -Resolver problemas con medidas temporais.	8

MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	b, g	B3.10. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. B3.11. Múltiplos e submúltiplos do euros. B3.12. Equivalencias entre moedas e billetes.	-Expresar diferentes cantidades en euros e en céntimos. -Resolver problemas utilizando euros. -Calcular o que falta para chegar a unha cantidade. -Calcular e escribir os euros que aparecen representados.	5
MATEMÁTICAS	BLOQUE 3: MEDIDA	b, g	B3.13. Resolución de problemas de medida.	-Resolver problemas usando distintas magnitudes de medida. -Escribir a pregunta para un problema. -Inventar un problema a partir dun cálculo dado.	5
MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	g	B4.1. Clasificación de polígonos. Lados e vértices. B4.2 Composición e descomposición de polígonos. B4.3. Clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios. B4.4. Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, base, diagonal, ángulo e eixes de simetría.	-Recoñecer os elementos básicos dos polígonos e figuras xeométricas (lado, ángulo...). -Observar e recoñecer polígonos e figuras xeométricas. -Asociar polígonos e figuras xeométricas con elementos da vida cotiá. -Colorear nun debuxo cada polígono dunha cor.	4
MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	b, g	B4.5. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro.	-Recoñecer os elementos básicos (centro, raio...) -Debuxar o raio e o diámetro en círculos e circunferencias. -Debuxar círculos e circunferencias utilizando o compás.	3
MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	g	B4.6. Corpos xeométricos: recoñecemento de prismas, pirámides e corpos redondos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas.	-Recoñecer e escribir os elementos básicos (arestas, vértices...) -Debuxar en cuadrícula distintos corpos xeométricos. -Recoñecer e diferenciar distintos prismas e pirámides. -Construír en volume corpos xeométricos.	4
MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	b, g	B4.7. Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos. B4.8. Uso das TIC no desenvolvemento e asimilación de contidos relacionados coa xeometría.	-Clasificar ángulos segundo o tipo. -Observar diferentes ángulos e contestar a preguntas. -Debuxar distintos tipos de ángulos en distintas posicións.	4

MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	b, e, g	B4.9. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá. B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas. B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico. B4.12. As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.	-Facer un debuxo ou croquis dunha situación ou dunha habitación coñecidas. -Interpretar gráficas lineais. -Debuxar distintos tipos de liñas. -Recoñecer liñas en debuxos.	6
MATEMÁTICAS	BLOQUE 4: XEOMETRÍA	b, g	B4.13. Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	-Medir coa regra e calcular o perímetro de distintas figuras planas. -Observar figuras e contestar preguntas sobre o seu perímetro. -Resolver problemas xeométricos.	6
MATEMÁTICAS	BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	b, g	B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, observación e medición. B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá. B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos. B5.4. Realización de gráficos sinxelos: pictogramas, diagramas de barras.	-Interpretar distintas táboas e contestar a preguntas. -Elaborar táboas sinxelas. -Resolver problemas utilizando os datos que nos proporcionan as táboas.	11
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	m, k	B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.	-Falar sobre un mesmo, características físicas e psicolóxicas, gustos e necesidades.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	m	B1.3. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.	-Falar sobre un mesmo, a maneira de ser e valorarse un mesmo.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	a, m	B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	-Falar sobre os sentimentos dun mesmos. -Xogar o xogo dos sentimentos.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	b, m	B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	-Falar sobre as responsabilidades que temos. -Escribir cousas da vida cotiá das que nos debemos responsabilizar.	1

VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1.: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	m	B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	-Debuxarse a un mesmo e describirse. -Valorar as características persoais.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	a	B1.8. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.	-Facer un collages en equipo.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 1: A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA	b	B1.9. A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas:técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.	-Falar sobre o compromiso e o respecto.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	-Aprender a falar adecuando a linguaxe corporal e verbal á situación.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	b, m, e	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	-Falar respectando as quendas de palabra.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	c, m, e	B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	-Manter unha actitude dialogante cando se fala.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	e, m	B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	-Argumentar ideas sobre diferentes temas.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	m	B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	-Dialogar de maneira activa.	1

VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	c, m	B2.6.A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	-Falar respectando as quendas de palabra.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	a	B2.7. O respecto, a tolerancia e a CSC valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.	-Identificar diferentes situacións e falar sobre como reaccionar ante elas.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 2: A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS	c, m	B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	-Ver un vídeo no que aparecen persoas solidarias e dialogar sobre el, explicando o que entenden eles por ser solidario e distintas maneiras de ser solidario.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	b, m	B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	-Falar sobre os dereitos e deberes dos nenos. -Elaborar un mural.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	b	B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	-Falar sobre problemas que xurden na aula e cal é a mellor maneira de solucionarlos. -Elaborar un mural entre todos.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	a	B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	-Ler e entender as normas da aula e do centro. -Aportar novas normas que pensan que son importantes e dialogar sobre a súa conveniencia.	1
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	c, m	B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.	-Falar sobre problemas que xurden na aula e cal é a mellor maneira de solucionarlos	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	a	B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	-Falar sobre os dereitos e deberes dos nenos. -Elaborar un mural.	2

VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	d, m	B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	-Observar e falar das diferenzas que hai entre nenos e nenas. -Falar sobre as tarefas que realizamos os distintos sexos.	2
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS	n	B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	-Observar e recoñecer sinais de tráfico. -Elaborar un circuíto e xogar con coches seguindo as normas de educación vial.	2

Procedementos de avaliación.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes (especificados no apartado 16 da presente programación).

Avaliación inicial do alumnado:

Desenvólvese no apartado 11 da presente programación.

Avaliación continua:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. Isto implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso mediante o uso de instrumentos de avaliación dos estándares que permitan recoller de forma continua información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

Ditos instrumentos están reflectidos nas táboas do apartado 3 da presente programación.

O profesor titor será o encargado de coordinar dita avaliación co resto do equipo docente que imparte clase ao alumnado de 4º.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo, e a última no mes de xuño.

Acordarase a información sobre o proceso persoal de aprendizaxe que se transmitirá a cada alumno e ás familias.

Avaliación final:

Ao rematar de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. O equipo docente, tendo en conta o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar cada materia, que figuran no apartado 3 da programación, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte curso ou etapa.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor/a, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio á integración, aplicará os criterios de avaliación que fosen establecidos nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

Procedementos e Instrumentos de avaliación:

Empregaranse diferentes Procedementos e Instrumentos de avaliación para comprobar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe, os cales están contemplados nas táboas do apartado 6 da presente programación.

Procedementos	Instrumentos
Caderno do alumno	Rúbricas
Observación directa e Traballo na aula (actividades de experimentación individuais e grupais, resolución de problemas, exposicións orais, debates...)	Listas de control, Rúbricas, Diario de aula (participación, comportamento, traballo individual e en grupo, interese, atención, respecto, responsabilidade, esforzo...)

7. Concrecións metodolóxicas da materia.

Baseándonos no artigo 15 do Decreto 105/2014 no que se concretan os principios metodolóxicos comúns a todas as áreas, destacamos de maneira especial na presente programación as seguintes concrecións para 3º de primaria:

- Especial atención á diversidade e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa resolución de problemas da vida cotiá.
- Traballo da lectura, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Deseño e posta en práctica de actividades de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar cara a aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, incorporárase un tempo diario de lectura de trinta minutos.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Farase especial fincapé na atención personalizada dos alumnos e das alumnas, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Estes mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe; poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

7.1 Adaptación metodolóxica debido á situación excepcional de pandemia:

O vixente curso vémonos na obriga de adaptar parte da metodoloxía empregada no que se refire aos agrupamentos, aos traballos de grupo, aos obradoiros, e todas aquelas actividades que impliquen manipular ou compartir material e utensilios da aula, que non se poderán levar a cabo. Adaptaranse parte destas actividades na medida do posible para que sexan de carácter individual ou de observación directa.

8. Materiais e recursos didácticos.

- Libros de texto:
 - Lingua 3. "PEZA A PEZA". Ed. Anaya.
 - Lengua 3. "PIEZA A PIEZA". Ed. Anaya.
 - Ciencias da Natureza 3. "SABER FACER contigo". Ed. SANTILLANA OBRADOIRO
 - Ciencias Sociais 3. "SABER FACER contigo". Ed. SANTILLANA OBRADOIRO
 - Matemáticas 3. "SABER HACER contigo". Ed. SANTILLANA
- Láminas.
- Material funxible que se lles pide aos/ás alumnos/as.
- Dicionarios das distintas linguas.
- Recursos tecnolóxicos: ordenador e encerado dixital.
- Materiais audiovisuais: CDs, DVDs, libros de texto dixitais, xornais dixitais, páxinas web, buscadores...
- Xornais.
- Contos e diferentes textos que forman parte da biblioteca escolar e de aula.
- Xogos: quebracabezas, de atención, de construción, de mesa...
- Material específico de cada área: globo terráqueo, mapas xeográficos, balanza, corpos xeométricos, reloxo, cubetas, metros, imáns fraccionados, moedas e billetes, calculadoras, xogos de regras, compases ...

9. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.

Os criterios de cualificación e de promoción estarán baseados no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para cada materia, que se mostran na presente programación.

A continuación concrépanse as porcentaxes de cualificación aplicadas a cada materia, para cada procedemento/instrumento de avaliación, en cada avaliación parcial:

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- **Probas específicas** (orais e escritas): puntuarán o **50%** da nota final da avaliación.
- **Traballo na aula** (presentación, limpeza, traballos feitos e corrixidos, fichas, traballos persoais, rexistros no diario de aula: participación, comportamento, traballo individual e en grupo, interese, atención, respecto, responsabilidade, esforzo...): puntuará o **50%** da nota final da avaliación.

ÁREAS DE LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA

- **Probas específicas**: puntuarán o **40%** da nota final da avaliación.
- **Traballo na aula** (comunicación oral: exposicións orais, debates, participación na clase, comportamento,...20%, lectura e comprensión: lecturas, fichas de comprensión, resumos, emprego da biblioteca,...10%, comunicación escrita: presentación, limpeza, caligrafía, ortografía, traballos feitos e corrixidos, elaboración de textos, traballo individual e en grupo, interese, atención, respecto, responsabilidade, esforzo...30%): puntuará o **60%** da nota final da avaliación.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E DE CIENCIAS DA NATUREZA

- **Probas específicas**: puntuarán o **30%** da nota final da avaliación.
- **Traballo na aula** (exposicións orais e debates 10%, traballos de investigación individuais e de grupo 30%, rexistros no diario de aula: participación, comportamento, traballo individual e en grupo, interese, atención, respecto, responsabilidade, esforzo...30%): puntuarán o **70%** da nota final da avaliación.

ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA

- **Creatividade:** 30%.
- **Presentacións estéticas:** 20%.
- **Elaboración e seguimento das instrucións:** 30%.
- **Respecto polo traballo dos demais e coidado dos materiais:** 20%.

En función destes criterios estableceremos a cualificación para cada materia, que tendo en conta a Orde de avaliación será de: insuficiente IN (1, 2, 3, 4), suficiente SU (5), ben BE (6), notable NT (7, 8), sobresaínte SB (9, 10).

A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional naqueles casos nos que as medidas previas de reforzo ou adaptación curricular non foran suficientes e o alumno non adquirise un grao mínimo de competencia lingüística nin matemática.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, analizaremos as propias programacións ao finalizar cada trimestre nunha reunión de nivel que se establecerá para ese fin. Os resultados de dita avaliación quedarán recollidos na acta de reunión que se elabore.

Nas reunións mensuais do equipo docente que imparte clase no nivel, tamén se falará da evolución dos alumnos con dificultades, por se é preciso adaptar ou modificar a programación ou implantar reforzos educativos.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase. Nel detállase o avance e progresión nas distintas materias da programación didáctica. Esta ferramenta de traballo permitiranos comprobar se o programado inicialmente se está a desenvolver segundo o pautado ou se tivemos que realizar modificacións.

Ao finalizar o curso elaboraremos unha memoria na que se recollerán todas as modificacións que fora preciso levar a cabo.

Os indicadores para avaliar a práctica docente serán os seguintes:

Lista de control ou autoavaliación do profesorado	Si	Non	Ás veces
Desenvolveuse a programación de aula respectando a secuenciación dos contidos e actividades segundo o previsto?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acorde cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			
Solucionáronse?			
Damos información ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe?			
Foi suficiente e eficaz?			

Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias específicas?			
Tívoase a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan de reforzo cos alumnos con necesidades educativas específicas do Departamento de Orientación/PT/AL?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que tiveron dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

11.Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Ao inicio do curso académico levarase a cabo unha avaliación inicial que servirá como referente á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso académico, nas que o profesorado se encargará de recoller información sobre:

- As características do alumno/a(intereses).
- O seu entorno socio-familiar (indagando no expediente académico ou se fose necesario realizando entrevistas persoais cos pais/nais ou titores legais).
- O contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros).
- A competencia curricular nas diferentes áreas, mediante probas obxectivas orais e escritas.

Os resultados das probas de avaliación inicial analizaranse e reflectiranse nun informe individualizado de cada alumno. A partir destes resultados elaboraranse, de ser preciso, plans de reforzo e actuación adaptados ás necesidades específicas de cada alumno.

12. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Daráselle prioridade a atención personalizada dos alumnos e das alumnas, a realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Estes mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Estableceranse ademais medidas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

14. Actividades complementarias e extraescolares.

No presente curso non se realizará ningún tipo de actividades extraescolares organizadas polo centro que impliquen a participación de todo o alumnado. Tan só se levarán a cabo aquelas actividades que poidan ter lugar dentro do grupo estable de convivencia, debido á situación excepcional de pandemia que estamos a vivir.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

A avaliación da propia programación axúdanos a obter información para realizar

modificacións dos aspectos recollidos nela como as actividades propostas, a metodoloxía, a temporización, os agrupamentos do alumnado ..., co fin de favorecer a correcta evolución dos/as alumnos/as.

A programación será revisada ao final de cada trimestre nunha reunión de todo o profesorado que imparte clases no nivel de 3º, para analizar posibles problemas atopados e realizar, de ser o caso algunha adaptación da mesma.

Do mesmo xeito, ao finalizar o curso, analizaranse os resultados obtidos e valorarase o grao de cumprimento e de adecuación da programación.

Utilizaremos os seguintes instrumentos para avaliar a propia programación:

Avaliación da Programación	Si	Non
Adecuación dos obxectivos.		
Adecuación dos criterios de avaliación.		
Adecuación dos contidos.		
Adecuación das actividades de aprendizaxe.		
Adecuación da metodoloxía.		
Adecuación do material empregado.		
Consecución dos obxectivos pola meirande parte do alumnado.		
Interese e motivación do alumnado.		

	OBSERVACIÓNS
Principais problemas atopados.	
Como se resolveron os problemas que xurdiron?	
Que actividades causaron problemas?	

Que actividades conviría cambiar ou suprimir?	
-----------------------------------------------	--

15. Concreción dos elementos transversais do currículo e contribución ao Plan de Convivencia.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das áreas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Contemplantase ó longo de todo o curso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Este curso participará no Programa Coeduca promovido polo Concello de Lousame coas seguintes actividades propostas:

- Fóra estereotipos.
- A colaborar no fogar.
- As mulleres da nosa contorna.

En 3º de primaria, dende as distintas áreas, traballarase de xeito prioritario:

O respecto.

Igualdade de oportunidades.

Resolución pacífica de conflitos.

A liberdade.

A paz.

A xustiza.

A prevención da violencia de xénero, terrorista e do racismo.

O desenvolvemento sustentable e o ambiente.

A educación viaria.

Actuarase en todo momento de acordo co Plan de Convivencia do centro traballando todos nunha mesma liña que promova os comportamentos expostos anteriormente.

16. Accións de contribución ao Plan TIC do centro.

Na aula de 3º de primaria contamos cun ordenador de mesa así como cun encerado dixital e un proxector.

Tamén contamos no centro cunha aula de informática á que neste curso assistiremos ao longo das primeiras semanas de clase, en pequenos grupos, para formar aos alumnos no manexo da Aula Virtual do centro.

O profesorado que imparte clase neste curso utilizaremos os medios dixitais postos á nosa disposición para explicar conceptos, realizar actividades interactivas propostas nos libros dixitais así como en distintas webs educativas, visionar distintos DVDs, consultar páxinas web, xornais dixitais, empregar buscadores, ler textos en formato dixital..., para

17. Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro.

O Proxecto Lector do centro pretende contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do centro, así como a descubrir e tomar conciencia do pracer pola lectura.

Nel establécense os seguintes obxectivos :

Favorecer que o desenvolvemento da competencia lectora se converta en elemento prioritario e asunto colectivo do centro, as familias e a comunidade.

Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora dende todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

Ofrecer aos mestres orientacións que axuden a mellorar nos alumnos o desenvolvemento daquelas competencias, habilidades e estratexias, no marco de situacións significativas e relevantes da lectura, que lles permitan converterse en lectores competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e usar diversos tipos de textos.

Contribuír á sistematización e coherencia das prácticas profesionais que se desenvolven en relación coa lectura e favorecer a súa integración no proceso de ensino- aprendizaxe das diferentes áreas e materias do currículo.

Converter a biblioteca escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.

Potenciar a actualización e a formación do profesorado para que contribúan, de xeito relevante, ao mellor desenvolvemento da competencia lectora do noso alumnado.

Para contribuír á adquisición destes obxectivos, en 3º de primaria levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Dedicaranse 30 minutos diarios de lectura estipulados no Proxecto Lector. Neste tempo porase ó alcance dos alumnos unha variedade de lecturas que partan dun nivel baixo de dificultade para ir avanzando progresivamente en dominio lector e en comprensión.

Intentarase ofertar aos alumnos variedade temática e diferentes estilos narrativos. Faranse lecturas silenciosas e colectivas. Este curso centrarémonos moito no traballo de comprensión realizando exercicios a diario.

- Nos casos nos que se atopen máis dificultades dedicaráselles un tempo extra para a lectura individual con lecturas de reforzo e con apoio de imaxes. Os alumnos nos que se detecten máis dificultades serán reforzados polo profesorado dispoñible.
- Intentarase fomentar nos alumnos un hábito e un gusto pola lectura presentándolles dunha maneira motivadora os contos ou lecturas que se fagan. Partiremos de temas que sexan do seu interese e que capten a súa atención. En relación con isto faranse actividades como recomendar os libros que máis nos gustaron, identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice...
- Fomentarase tamén este hábito de lectura na casa, levando cada semana un libro da biblioteca da aula acompañado dunhas pautas para as familias (a lectura deberá ser supervisada por un adulto e comprensiva). Sobre o libro cubrirán unha pequena ficha onde completarán o título, o autor, a editorial, se lle gustou ou non, e un breve resumo do conto. Con estas fichas iremos elaborando un cartafol que levarán para casa ao final do curso.
- Confeccionaranse listaxes dos libros que máis gustan ao alumnado para que seus pais vaian creando a súa propia biblioteca na casa.
- Utilizarase semanalmente a biblioteca de aula (tanto para lectura na propia aula como para préstamo á casa).
- ***Este curso, por mor da pandemia, a biblioteca do centro non levará a cabo moitas das actividades habituais doutros anos, co cal non se organizarán visitas guiadas para coñecer o seu funcionamento e o alumnado non poderá acudir de maneira habitual nos períodos de lecer.***
- Fomentarase a escritura propoñendo aos alumnos temas do seu interese para que redacten algunha historia, poesía ... e animalos a que llas conten aos compañeiros.
- Realizaranse as lecturas correspondentes aos contos ou exercicios do libro de cada materia de maneira colectiva. Os alumnos farán quendas, procurando que todos sigan a lectura dos compañeiros. As actividades de lectura realizaranse tanto de maneira individual como a nivel colectivo.
- Faranse pequenas dramatizacións de lecturas.
- Nas áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais leranse e comentaranse os textos relativos a cada tema e logo poderán ampliarse traendo libros á aula ou buscando información en Internet.
- Na área de Matemáticas intentarase conseguir que a lectura dos problemas e exercicios se

leve a cabo dunha maneira comprensiva.

- Procurarase información en enciclopedias, dicionarios, monográficos, revistas, xornais, Internet, etc.

Os **recursos** utilizados para a aplicación do Plan Lector serán:

- Biblioteca de aula e biblioteca de centro.
- Ordenadores e encerados dixitais.
- Fichas de comprensión lectora.
- Tarxetas, carteis, imaxes...

Para contribuír ao Proxecto Lingüístico do centro os mestres de 3º promoveremos a participación do noso alumnado en todas aquelas actividades propostas polo Equipo de Biblioteca, o Equipo de Dinamización Lingüística e o Equipo de Actividades Extraescolares.

18.Participación de pais, nais e titores/as legais no proceso educativo.

Tendo en conta o artigo 7 da Orde do 23/7/2014 DOG do 14 de agosto todo pai, nai ou titores/as legais teñen dereito a formar parte do proceso educativo do alumno/a. Co fin de garantir este dereito levaremos a cabo as seguintes medidas:

Ao inicio de curso os titores/as manterán unha reunión cos pais, nais ou titores/as legais. Esta reunión terá lugar antes de que finalice o mes de outubro. **No presente curso esta reunión realizarase por medios telefónicos ou telemáticos para evitar a congregación dun elevado número de persoas dentro do centro escolar.**

Todos os mestres/as implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado estarán a disposición dos pais, nais ou titores/as legais para entrevistas telefónicas ou telemáticas e falar da evolución do alumno/a. Para isto concertarase previamente, co mestre implicado, unha titoría telefónica ou telemática a partir da cal se adoptarán as medidas precisas de actuación conxunta entre as familias e a escola.

Este curso non haberá participación dos pais, nais ou titores/as legais nas actividades complementarias realizadas polo centro (festivais, excursións da biblioteca...) por mor da pandemia.

19. Medidas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliados, as estratexias e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Segundo o artigo 12.6 do Decreto 105/2014 (DOG do 9 de setembro) garántese o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade común a todos os alumnos e alumnas do mesmo nivel.

Para garantir dito artigo o profesorado que imparte docencia no 3º curso de Educación Primaria do CPI Cernadas de Castro publicará na páxina web do centro a presente programación. Nela poñeranse en coñecemento das familias a metodoloxía empregada, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, así como, os mínimos esixibles para a promoción de curso.